

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

11410 *Real decreto 919/2014, do 31 de outubro, polo que se aproba o Estatuto do Consello de Transparencia e Bo Goberno.*

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, crea no seu título III o Consello de Transparencia e Bo Goberno, órgano que asume as competencias de velar polo cumprimento das obrigacións de publicidade e de bo goberno previstas na norma, así como de garantir o dereito de acceso á información pública. A este respecto, o Consello de Transparencia e Bo Goberno configúrase como o órgano que coñecerá das reclamacións que, en materia de acceso á información, presenten os cidadáns en exercicio do previsto no artigo 24 da lei.

O Consello de Transparencia e Bo Goberno créase como un organismo público dos previstos no número 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e de acordo co previsto expresamente na Lei 19/2013, do 9 de decembro, actuará con plena independencia e autonomía no cumprimento dos seus fins. Neste marco, esa norma, á vez que configura a composición do Consello co fin de garantir a especialización e profesionalidade que o exercicio das súas tarefas require, recolle a obrigación de aprobar o seu estatuto, mandato que se cumpre coa aprobación do presente real decreto.

O presente real decreto consta dun artigo único, que aproba o Estatuto do Consello de Transparencia e Bo Goberno, unha disposición adicional referente ao non incremento de gasto público, e unha disposición derradeira relativa á súa entrada en vigor. A seguir insírese o texto do Estatuto do Consello de Transparencia e Bo Goberno.

O estatuto estrutúrase en catro capítulos. O primeiro deles inclúe as disposicións xerais sobre a natureza e o réxime xurídico, obxectivos, funcións, adscrición orgánica, sede, cooperación institucional e principios que deben rexer o exercicio da súa actividade. En concreto, dispónse que o Consello desenvolva as súas funcións de acordo cos principios de transparencia e participación cidadá.

O capítulo II regula a estrutura orgánica do Consello e desenvolve as funcións asignadas a cada un dos órganos que o compoñen. En concreto, a estrutura orgánica do Consello artículase arredor do seu presidente, da Comisión de Transparencia e Bo Goberno e doutros órganos xerarquicamente dependentes do presidente: a Subdirección Xeral de Transparencia e Bo Goberno e a Subdirección Xeral de Reclamacións. O estatuto define as funcións do presidente do Consello, as regras que rexen o seu nomeamento e cesamento, así como o seu réxime de suplencia. Igualmente, detállanse as funcións que corresponden á Comisión de Transparencia e Bo Goberno, o réxime de nomeamento dos seus membros e o funcionamento da Comisión. Finalmente, o estatuto regula as funcións que desempeñan cada un dos órganos que, dependentes directamente do seu presidente, desenvolverán o traballo ordinario do Consello. Así, a Subdirección Xeral de Transparencia e Bo Goberno, ademais de velar polo cumprimento das obrigacións de publicidade activa previstas na norma, realizará un labor interpretativo das disposicións de bo goberno que recolle o título II da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Pola súa parte, a Subdirección Xeral de Reclamacións terá como función principal o coñecemento das reclamacións que, en aplicación do disposto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, presenten os cidadáns.

O capítulo III regula o réxime económico, patrimonial e do persoal aplicable ao Consello de Transparencia e Bo Goberno, detallando os seus recursos económicos, elaboración e execución do seu orzamento, o réxime de contabilidade e control, patrimonial e de contratación, así como disposicións relativas ao persoal que desempeñe as súas funcións no Consello.

Por último, o capítulo IV especifica a competencia da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado para a prestación da asistencia xurídica que o Consello de Transparencia e Bo Goberno poida requirir.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto do Consello de Transparencia e Bo Goberno.*

De conformidade co previsto no artigo 39.2 e na disposición derradeira sétima da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, apróbase o Estatuto do Consello de Transparencia e Bo Goberno, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional. *Non incremento de gasto público.*

1. A creación e posta en funcionamento do Consello de Transparencia e Bo Goberno non poderán supor incremento de dotacións, retribucións ou outros gastos de persoal nin, por outros conceptos, incremento neto de estrutura ou de persoal ao servizo do sector público estatal.

2. O Consello dotarase exclusivamente mediante a redistribución de efectivos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e dos seus organismos e entidades públicas, e o seu funcionamento atenderase cos medios materiais e persoais de que dispón actualmente a Administración.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 10 de decembro de 2014, con ocasión da entrada en vigor do título III da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o establecido na súa disposición derradeira novena.

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ESTATUTO DO CONSELLO DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza e réxime xurídico.*

1. O Consello de Transparencia e Bo Goberno é un organismo público dos previstos polo número 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar pública e privada, adscrito ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2. O Consello de Transparencia e Bo Goberno rexerese polo disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como polas disposicións que a desenvolvan e por este estatuto. Supletoriamente rexerese pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado; pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, así como polas demais normas que resulten de aplicación.

Artigo 2. *Obxectivos.*

1. De acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, o Consello de Transparencia e Bo Goberno é o organismo encargado de promover a transparencia da actividade pública, velar polo cumprimento das obrigacións de publicidade activa, salvagardar o exercicio do dereito de acceso á información pública e garantir a observancia das normas de bo goberno.

2. O Consello de Transparencia e Bo Goberno actúa con plena autonomía e independencia no cumprimento dos seus fins.

Artigo 3. *Funcións.*

Para a consecución dos seus obxectivos, o Consello de Transparencia e Bo Goberno ten encomendadas as seguintes funcións:

- a) Adoptar recomendacións para o mellor cumprimento das obrigacións contidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro.
- b) Asesorar en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- c) Emitir informe preceptivo sobre os proxectos normativos de carácter estatal que desenvolvan a Lei 19/2013, do 9 de decembro, ou que estean relacionados co seu obxecto.
- d) Avaliar o grao de aplicación da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Para iso, elaborará anualmente unha memoria en que se incluírá información sobre o cumprimento das obrigacións previstas e que será presentada ante as Cortes Xerais.
- e) Promover a elaboración de borradores de recomendacións e de directrices e normas de desenvolvemento de boas prácticas en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- f) Promover actividades de formación e sensibilización para un mellor coñecemento das materias reguladas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro.
- g) Colaborar, nas materias que lle son propias, con órganos de natureza análoga.
- h) Aqueloutras que lle sexan atribuídas por norma de rango legal ou regulamentario.

Artigo 4. *Adscrición e sede.*

1. O Consello de Transparencia e Bo Goberno está adscrito organicamente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.
2. O Consello ten a súa sede institucional en Madrid.

Artigo 5. *Colaboración coas comunidades autónomas e entes locais.*

1. No ámbito das súas competencias, o Consello de Transparencia e Bo Goberno poderá colaborar coas comunidades autónomas e coas cidades de Ceuta e Melilla a través dos seguintes mecanismos:

- a) Convocará con periodicidade ao menos anual reunións cos representantes dos organismos que fosen creados no ámbito autonómico para o exercicio de funcións similares ás encomendadas ao Consello.
- b) Celebrará convenios de colaboración que, conforme o disposto na disposición adicional cuarta da Lei 19/2013, do 9 de decembro, faculten o Consello para a resolución da reclamación prevista no artigo 24 da dita lei.
- c) Celebrará convenios de colaboración en materias específicas no ámbito das súas respectivas competencias.

2. Así mesmo, o Consello convocará ás reunións que se celebran en aplicación da letra a) do número 1 un representante da Administración local proposto pola Federación Española de Municipios e Provincias, coa que tamén poderá celebrar convenios de colaboración. Estes convenios de colaboración poderán ser tamén celebrados cos distintos entes locais.

Artigo 6. *Transparencia.*

No exercicio das súas funcións, o Consello deberase rexer polos principios de transparencia e participación cidadá, que se concretan nos seguintes aspectos:

- a) Unha vez adoptadas e notificadas todas as resolucións do Consello, logo da disociación dos datos de carácter persoal que conteñan, serán obxecto de publicación na páxina web institucional do organismo, así como no portal da transparencia.
- b) Tras a súa aprobación, un resumo da memoria anual do Consello será publicado no «Boletín Oficial del Estado». Prestarase especial atención a que resulte claramente identificable o nivel de cumprimento por parte dos suxeitos, entidades e órganos obrigados das disposicións da Lei 19/2013, do 9 de decembro.
- c) O Consello articulará mecanismos de participación como vía de colaboración dos cidadáns no mellor desempeño das funcións do organismo e para favorecer o cumprimento da normativa de transparencia e bo goberno.

CAPÍTULO II

Órganos do Consello de Transparencia e Bo Goberno

Sección 1.ª Estructura orgánica do Consello de Transparencia e Bo Goberno

Artigo 7. *Estructura orgánica.*

O Consello de Transparencia e Bo Goberno estrutúrase nos seguintes órganos:

1. O presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno.
2. A Comisión de Transparencia e Bo Goberno.
3. A Subdirección Xeral de Reclamacións e a Subdirección Xeral de Transparencia e Bo Goberno, como órganos xerarquicamente dependentes do presidente do Consello.

Sección 2.^a Do presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno

Artigo 8. O presidente.

1. O presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno, ademais de impulsar a súa acción para o cumprimento dos seus obxectivos, exerce as funcións de dirección, de xestión e de representación deste órgano.

2. No desenvolvemento das súas funcións, é o órgano competente para:

- a) Desempeñar a representación legal e institucional do Consello.
- b) Adoptar criterios de interpretación uniforme das obrigacións contidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, no regulamento que desenvolva esa lei ou neste estatuto, e aprobar, logo de informe da Comisión de Transparencia e Bo Goberno, directrices, recomendacións ou guías relativas á súa aplicación ou interpretación.
- c) Velar polo cumprimento das obrigacións de publicidade de acordo co previsto no artigo 9 da Lei 19/2013 e adoptar, de ser o caso, as medidas necesarias para o cesamento do incumprimento destas obrigacións.
- d) Coñecer das reclamacións que se presenten en aplicación do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.
- e) Responder as consultas que, con carácter facultativo, lle formulen os órganos encargados de tramitar e resolver as solicitudes de acceso á información.
- f) Instar o inicio do procedemento sancionador previsto no título II da Lei 19/2013, do 9 de decembro. O órgano competente deberá motivar, de ser o caso, a súa decisión de non incoar o procedemento.
- g) Aprobar o anteproxecto de orzamento do organismo.
- h) Formar, aprobar e actualizar o inventario dos bens e dereitos do Consello.
- i) Elaborar e propor á Comisión de Transparencia e Bo Goberno para a súa aprobación o proxecto de memoria anual do organismo na cal se analice o grao de aplicación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e se proporcione información detallada sobre o cumprimento das obrigacións previstas nela.
- j) Convocar e presidir as reunións da Comisión de Transparencia e Bo Goberno.
- k) Ser o órgano de contratación do organismo, aprobar os gastos e ordenar os pagamentos e movementos de fondos correspondentes, así como efectuar a rendición de contas do organismo de acordo coa Lei 47/2003, do 26 de novembro.
- l) Subscribir convenios con entidades públicas e privadas.
- m) Formular e aprobar as contas anuais do organismo.
- n) Aprobar, no marco da normativa reguladora da función pública, as propostas de relacións de postos de traballo, convocar e resolver os procesos de provisión de postos de traballo que integren o persoal do Consello de Transparencia e Bo Goberno, exercer a potestade disciplinaria, así como as competencias que, en materia de persoal, atribúe a normativa da función pública aos subsecretarios dos departamentos ministeriais.
- o) Propor, logo de informe da Comisión de Transparencia e Bo Goberno, modificacións á normativa de rango legal ou regulamentario que regule as materias de competencia do Consello.
- p) Propor á Comisión de Transparencia e Bo Goberno a aprobación e a modificación do regulamento de funcionamento interno do Consello de Transparencia e Bo Goberno.
- q) Resolver recursos contra os actos e as decisións adoptados en materias da súa competencia.
- r) Solicitar das distintas administracións públicas a información necesaria para o cumprimento das súas funcións.
- s) Calquera outra función de xestión necesaria para o eficaz cumprimento dos fins do Consello.

3. Os actos ditados polo presidente en exercicio das súas funcións esgotan a vía administrativa. Contra eles poderase interpor o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, así como os recursos contencioso-administrativos que resulten procedentes.

4. As retribucións do presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno fixaranse de acordo co disposto no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e noutras entidades.

Artigo 9. Nomeamento e cesamento.

1. O presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno será nomeado por real decreto do Consello de Ministros por proposta do titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Con carácter previo ao seu nomeamento, o candidato proposto deberá comparecer ante a comisión competente do Congreso dos Deputados que, por acordo adoptado por maioría absoluta, deberá referendar a proposta de nomeamento no prazo dun mes natural desde que se recibise a correspondente comunicación.

2. O nomeamento producirase entre persoas de recoñecido prestixio e competencia profesional por un período non renovable de cinco anos.

3. O cesamento no cargo de presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno producirase por expiración do mandato, por petición propia ou por separación acordada polo Goberno tras a instrución do correspondente procedemento por parte do titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por incumprimento grave das súas obrigacións, incapacidade permanente para o exercicio da súa función, incompatibilidade sobrevida ou condena por delito doloso.

Artigo 10. Réxime de suplencia.

1. Nos supostos de ausencia, vacante ou enfermidade do presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno, o exercicio das funcións previstas neste estatuto, así como as que lle correspondan en aplicación do previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, será asumido polo subdirector xeral de Transparencia e Bo Goberno. No suposto de que calquera das circunstancias mencionadas concorra igualmente nel, o exercicio das funcións correspondentes será asumido polo subdirector xeral de Reclamacións.

2. No caso en que, de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, concorra no presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno algunha causa de abstención ou recusación, o exercicio das competencias a el atribuídas será asumido polo subdirector xeral de Transparencia e Bo Goberno. No caso de que calquera das causas mencionadas concorra igualmente nel, o exercicio das competencias que se vexan afectadas será asumido polo subdirector xeral de Reclamacións.

Artigo 11. Independencia.

O presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno desempeñará o seu cargo con dedicación absoluta, plena independencia e total obxectividade. Non estará suxeito a mandato imperativo nin recibirá instrucións de ningunha autoridade.

Sección 3.^a Da Comisión de Transparencia e Bo Goberno

Artigo 12. A Comisión de Transparencia e Bo Goberno.

Corresponde á Comisión de Transparencia e Bo Goberno o exercicio das seguintes funcións:

- a) Asesorar en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- b) Emitir informe preceptivo sobre os proxectos normativos de carácter estatal que desenvolven a Lei 19/2013, do 9 de decembro, ou que estean relacionados co seu obxecto.
- c) Aprobar a memoria anual na cal se analice o grao de aplicación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e se proporcione información detallada sobre o cumprimento das obrigacións nela previstas.

- d) Propor ao presidente a adopción de recomendacións, directrices ou guías de boas prácticas en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- e) Promover actividades de formación e sensibilización para un mellor coñecemento das materias reguladas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro.
- f) Convocar con periodicidade ao menos anual os órganos de natureza análoga das comunidades autónomas para efectos de cooperación institucional.
- g) Articular mecanismos de colaboración con órganos de natureza análoga a nivel autonómico ou internacional.
- h) Emitir informe sobre as cuestións que lle someta o presidente.
- i) Aprobar o Regulamento de funcionamento interno do Consello de Transparencia e Bo Goberno.

Artigo 13. *Composición.*

1. De acordo co previsto no artigo 36.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, a Comisión de Transparencia e Bo Goberno estará composta por un presidente, que será o do Consello, e os seguintes vogais:

- a) Un deputado.
- b) Un senador.
- c) Un representante do Tribunal de Contas.
- d) Un representante do Defensor do Pobo.
- e) Un representante da Axencia Española de Protección de Datos.
- f) Un representante da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.
- g) Un representante da autoridade independente de responsabilidade fiscal.

2. O titular da Subdirección Xeral de Transparencia e Bo Goberno exercerá as funcións de secretaría e asistirá ás reunións da Comisión con voz pero sen voto.

Artigo 14. *Proposta e nomeamento.*

1. Os membros da Comisión de Transparencia e Bo Goberno serán propostos na forma seguinte:

- a) O Congreso dos Deputados propondrá, como vogal, un deputado.
- b) O Senado propondrá, como vogal, un senador.
- c) O Tribunal de Contas propondrá, como vogal, un conselleiro do Tribunal de Contas.
- d) O Defensor do Pobo propondrá, como vogal, un representante.
- e) A Axencia Española de Protección de Datos propondrá o seu vogal representante.
- f) O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas propondrá o vogal representante da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.
- g) A autoridade independente de responsabilidade fiscal propondrá o seu vogal representante.

2. O nomeamento dos vogais a que se refiren as letras d) a g) do número anterior farase entre persoas que teñan, como mínimo, rango de subdirector xeral.

3. As propostas serán elevadas ao Goberno por conduto do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

4. Os membros da Comisión de Transparencia e Bo Goberno serán nomeados e, de ser o caso, separados por acordo do Goberno, respectando o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 15. *Mandato e vacantes.*

1. Os vogais da Comisión de Transparencia e Bo Goberno desempeñarán o seu cargo durante cinco anos, e o seu mandato poderase prorrogar por un período de igual duración.

2. Serán causas de cesamento no seu mandato:

- a) Nomeamento do vogal como presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno.

- b) Renuncia anticipada.
- c) Perda da condición que o habilitou para ser proposto nos supostos previstos nas letras a), b) e c) do artigo anterior, isto é, da condición de deputado, de senador ou de conselleiro do Tribunal de Contas.
- d) Proposta de cesamento por parte das institucións ou órganos a que se refiren as letras d), e), f) e g) do artigo anterior en caso de incumprimento sobrevido das condicións que motivaron o seu nomeamento, isto é, da súa condición de representante do Defensor do Pobo, da Axencia Estatal de Protección de Datos, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas ou da autoridade independente de responsabilidade fiscal.
- e) Expiración do mandato por incumprimento grave das súas obrigacións, incapacidade permanente para o exercicio da súa función, incompatibilidade sobrevida ou condena por delito doloso.

3. As vacantes que se produzan antes de expirar o prazo previsto no número 1 deberán ser cubertas dentro do mes seguinte á data en que a vacante se producise e polo tempo que reste para completar o mandato de quen causou a vacante.

Artigo 16. *Renovación.*

1. Con carácter previo á finalización do mandato dos membros da Comisión, o titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas requirirá as institucións e órganos a que se refire o artigo 13 para que, dentro do mes seguinte, comuniquen a identidade das persoas propostas para un novo mandato na Comisión.

2. Transcorrido o prazo mencionado no número anterior, e unha vez efectuada a proposta, o Goberno procederá ao nomeamento das persoas propostas como membros da Comisión, que tomarán posesión na mesma data en que expire o anterior mandato.

3. En caso de que, transcorrido o prazo que se menciona no número 1, non se comunicase ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a identidade dos novos vogais da Comisión, os que estean nese momento no cargo continuarán nas súas funcións ata que as novas identidades sexan debidamente comunicadas.

Artigo 17. *Funcionamento.*

1. A Comisión adoptará os seus acordos en sesión plenaria, e desempeñará a presidencia o presidente do Consello. Actuará como secretario da Comisión, con voz e sen voto, o titular da Subdirección Xeral de Transparencia e Bo Goberno. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, actuará de secretario un funcionario adscrito á Subdirección Xeral de Transparencia e Bo Goberno designado para tal efecto polo presidente.

2. A Comisión rexerese polo disposto neste Estatuto e, no seu defecto, polas disposicións do capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. O presidente convocará a Comisión de Transparencia e Bo Goberno polo menos unha vez ao mes. Tamén se reunirá cando así sexa solicitado pola maioría dos seus membros.

4. A Comisión quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, se están presentes o presidente, o secretario e a metade dos seus membros e, en segunda convocatoria, se están presentes o presidente, o secretario e a terceira parte dos membros.

Sección 4.^a *Outros órganos*

Artigo 18. *Réxime xeral.*

1. A Subdirección Xeral de Transparencia e Bo Goberno e a Subdirección Xeral de Reclamacións son órganos administrativos dependentes do presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno para a execución daqueles proxectos, obxectivos ou actividades que lles sexan asignados, así como da xestión ordinaria dos asuntos da súa competencia.

2. Os subdirectores xerais titulares de ambas serán nomeados e separados polo presidente do Consello de Transparencia e Bo Goberno.

Os nomeamentos efectuaranse entre funcionarios de carreira da Administración xeral do Estado e, de ser o caso, doutras administracións públicas cando así o prevexan as normas de aplicación, e que pertencen a corpos e escalas aos cales se lles exixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Así mesmo, os nomeamentos axustaranse aos criterios e ás normas do número 10 do artigo 6 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e ao sistema previsto na lexislación específica.

3. As unidades e postos de traballo dependentes das subdireccións xerais mencionadas determinaranse nas correspondentes relacións de postos de traballo.

Artigo 19. *Subdirección Xeral de Transparencia e Bo Goberno.*

A Subdirección Xeral de Transparencia e Bo Goberno ten encomendadas as seguintes funcións:

- a) Supervisar o cumprimento das obrigacións de publicidade activa contidas no capítulo II do título I da Lei 19/2013, do 9 de decembro,
- b) Instar o inicio das actuacións disciplinarias que procedan nos supostos de incumprimento das obrigacións de publicidade previstas no capítulo II do título I da Lei 19/2013, do 9 de decembro.
- c) Propor ao presidente a adopción de criterios de interpretación uniforme das disposicións previstas no capítulo II do título I da Lei 19/2013, do 9 de decembro.
- d) Tramitar cantas cuestións e consultas lle sexan formuladas en relación coas materias de transparencia e bo goberno.
- e) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo presidente do Consello ou por unha norma de rango legal ou regulamentario.

Artigo 20. *Subdirección Xeral de Reclamacións.*

A Subdirección Xeral de Reclamacións é o órgano do Consello de Transparencia e Bo Goberno que desempeña as competencias inherentes á tramitación da reclamación prevista no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e ten encomendadas, ademais, as seguintes funcións:

- a) Tramitar as consultas que, con carácter facultativo, poidan presentarse ante o Consello, relativas á aplicación das disposicións reguladoras do dereito de acceso á información pública.
- b) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo presidente do Consello ou por unha norma de rango legal ou regulamentario.

CAPÍTULO III

Réxime económico, patrimonial e de persoal

Sección 1.ª Réxime económico

Artigo 21. *Recursos económicos.*

O Consello de Transparencia e Bo Goberno contará, para o cumprimento dos seus fins, cos seguintes recursos económicos:

- a) As asignacións que anualmente se establezan con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- b) As subvencións e achegas que se poidan conceder ao seu favor, procedentes de fondos específicos da Unión Europea ou doutros organismos internacionais.

- c) Os bens, dereitos e valores integrantes do seu patrimonio, así como as rendas e produtos derivados deles
- d) Calquera outro que legalmente lle poida ser atribuído.

Artigo 22. *Orzamentos.*

1. Con carácter anual, o Consello de Transparencia e Bo Goberno elaborará e o seu presidente aprobará un anteproxecto de orzamento, coa estrutura que sinale o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e remitirao a este para a súa posterior integración nos orzamentos xerais do Estado, de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

O orzamento terá carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos por categorías económicas, con excepción dos correspondentes a gastos de persoal que, en todo caso, terán carácter limitativo e vinculante pola súa contía total, e das subvencións nominativas e das atencións protocolarias e representativas, que terán carácter limitativo e vinculante calquera que sexa o nivel da clasificación económica a que se establezan.

2. As modificacións do orzamento que supoñan un incremento global dos créditos inicialmente aprobados axustaranse ao seguinte:

a) Corresponde ao presidente do Consello autorizar as variacións orzamentarias que impliquen ata un tres por cento da cifra inicial do seu orzamento total de gastos, sempre que non se incrementen os créditos para gastos de persoal.

As variacións do orzamento, unha vez autorizadas polo presidente do Consello, serán comunicadas á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

b) Corresponde ao titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas autorizar variacións por encima do 3 por cento da cifra inicial do seu orzamento. Así mesmo, correspóndelle autorizar variacións que incrementen os créditos para gastos de persoal. As variacións que afecten gastos de persoal non se computarán para efectos da porcentaxe establecida na letra a).

c) Se a variación afecta as achegas estatais recollidas nos orzamentos xerais do Estado, a competencia para autorizar ambas as modificacións corresponderá á autoridade que teña atribuída a modificación no orzamento do Estado. Estas variacións non se computarán para efectos das porcentaxes recollidas nas letras a) e b) anteriores.

As variacións internas entre as diversas partidas orzamentarias que non incrementen a contía global do orzamento serán aprobadas polo presidente do Consello, salvo que afecten os créditos para gastos de persoal, caso en que a autorización será competencia do titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Artigo 23. *Réxime de contabilidade e control.*

1. O Consello de Transparencia e Bo Goberno formulará e renderá as súas contas anuais de acordo coa Lei 47/2003, do 26 de novembro, e coas normas e principios de contabilidade recollidos no Plan xeral de contabilidade pública, aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, e nas súas normas de desenvolvemento.

2. O exercicio anual computarase por anos naturais, comezando o día 1 do mes de xaneiro de cada ano.

3. Sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal de Contas pola Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, a xestión económico-financeira do Consello estará sometida ao control da Intervención Xeral da Administración do Estado nos termos que establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro. O control financeiro permanente realizarao a Intervención Delegada no Consello.

*Sección 2.ª Réxime patrimonial**Artigo 24. Patrimonio.*

1. O Consello de Transparencia e Bo Goberno terá un patrimonio propio, independente do da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens e dereitos dos cales sexa titular.

2. A xestión e administración dos bens e dereitos propios, así como daqueles do patrimonio da Administración xeral do Estado ou de calquera outra Administración que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins, será exercida de acordo co sinalado neste Estatuto e co establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 de novembro.

3. O Consello de Transparencia e Bo Goberno formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto dos propios coma dos bens do patrimonio da Administración xeral do Estado adscritos ao organismo. Este inventario revisarase anualmente, con referencia ao 31 de decembro, e someterase á aprobación do seu presidente. O inventario e as súas modificacións remitiranse anualmente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no primeiro mes de cada ano natural.

Artigo 25. Contratación.

1. A actividade contractual do Consello de Transparencia e Bo Goberno rexerese polo disposto no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, así como pola súa normativa de desenvolvemento.

2. O presidente do Consello, na súa calidade de órgano de contratación do organismo, estará asistido por unha mesa de contratación, que exercerá as funcións que lle atribúe o artigo 22 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

*Sección 3.ª Réxime de persoal**Artigo 26. Réxime de persoal.*

1. Con carácter xeral, o persoal ao servizo do Consello de Transparencia e Bo Goberno terá o carácter de funcionario público de acordo co establecido na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e coas normas de función pública aplicables ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado.

2. O Consello de Transparencia e Bo Goberno contará cunha relación de postos de traballo, proposta polo presidente aos órganos competentes, na cal constarán:

a) Os postos que deban ser desempeñados en exclusiva por persoal funcionario, por consistir no exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas e na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas, así como a denominación dos postos, dos grupos de clasificación profesional, dos corpos ou escalas, de ser o caso, a que estean adscritos, dos sistemas de provisión de postos e das retribucións complementarias.

b) O resto de postos de traballo será desempeñado, con carácter xeral, por persoal funcionario. Excepcionalmente poderán existir postos de persoal laboral nos supostos en que sexa posible de acordo coa lexislación de función pública aplicable á Administración xeral do Estado.

Artigo 27. Provisión de postos de traballo.

1. O Consello de Transparencia e Bo Goberno aplicará a lexislación en materia de función pública na provisión dos postos de traballo adscritos a persoal funcionario.

2. Os postos de traballo adscritos ao persoal laboral proveranse mediante convocatoria pública e de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade.

CAPÍTULO IV

Asesoramento xurídico do Consello de Transparencia e Bo Goberno

Artigo 28. *Asistencia xurídica.*

A asistencia xurídica do Consello de Transparencia e Bo Goberno, consistente no asesoramento xurídico e na representación e defensa en xuízo, encoméndase á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, nos termos do artigo 1.4 da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas.